

D I T A M E

Ditame
2/07

sobre o anteproxecto de
Lei de medidas urxentes
en materia de
**ordenación do territorio
e do litoral de Galicia**



APROBADO POLO PLENO O 30 DE XANEIRO



Este documento está tamen dispoñible en
www.ces-galicia.org

■ ANTECEDENTES

1.- En data 27 de decembro de 2006 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, con carácter urxente, o anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

2.- O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 3: *Desenvolvemento rexional*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente, o día 27 de decembro, da entrada de solicitude de ditame.

3.- O día 28 de decembro, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 3 para o 4 de xaneiro de 2007, co fin de inicia-los traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

4.- A Comisión Sectorial, na súa sesión 4/07, acorda aprobar a proposta de ditame, con data 25 de xaneiro, e a remite ao presidente do Consello para a súa tramitación.

5.- O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 1/07, de 30 de xaneiro, e tras coñecer-lo texto remitido, acorda aprobar o seguinte

DITAME

sobre o anteproxecto de Lei de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

■ ESTRUCTURA E CONTIDO

O anteproxecto de lei sometido a ditame ten por obxecto a adopción de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, coas seguintes finalidades:

1. Garantir a preservación do litoral en tanto que non sexa aprobado o planeamento urbanístico adaptado á lexislación vixente e aos criterios de sosteñibilidade económica, social e ambiental.
2. Integrar os procedementos de aprobación do planeamento urbanístico e dos instrumentos de ordenación do territorio co proceso de avaliación estratéxica ambiental.
3. Crear o Instituto de Estudos do Territorio.
4. Fomentar a creación de solo destinado a vivenda protexida.

O anteproxecto estrutúrase en dezasete artigos, agrupados en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, unha derogatoria, dúas derradeiras e un anexo.

■ CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- O CES vese na obriga de reiterar novamente que a utilización do trámite de urxencia na petición de ditames a este Consello vai en detrimento da calidade esperada dos mesmos; en maior medida en anteproxectos como o presente, nos que a súa complexidade técnica e a súa repercusión económica e social, fan imprescindible unha reflexión e análise en profundidade, para o que se precisaría un tempo proporcionado e razoable.

2.- O CES comparte a necesidade de favorecer a utilización racional do territorio na franxa litoral, preservar a costa, protexer o medio natural, mellorar a calidade de vida e o equilibrio territorial. Neste senso, o CES considera conveniente a axilización da tramitación do Plan Sectorial de Ordenación do Litoral.

3.- O CES valora positivamente a proposta reflectida no **artigo 8** deste anteproxecto, pola que se integra o procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico coa avaliación estratéxica medioambiental. Simultanear ambos procesos redundará nunha redución dos prazos de tramitación e aprobación destes instrumentos.

■ CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

1.- O **artigo 2** do anteproxecto de Lei obxecto de ditame establece, sobre a Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural en Galicia, que o plan sectorial de ordenación do litoral terá a natureza dun plan territorial integrado de acordo coa Lei 10/1995, do 23 de novembro.

O CES considera que deberían existir unhas directrices de ordenación do territorio (DOT), tal como se establece na devandita lei, previamente á redacción de calquera plan territorial integrado, posto que este último se vería afectado pola elaboración posterior das referidas DOT.

2.- No **artigo 3** do anteproxecto de Lei, establécese unha suspensión da tramitación e distintas figuras de planeamento de desenvolvemento para o total da franxa costeira ata unha distancia de 500 metros.

O CES considera que non debería estar suxeito á suspensión prevista nesta norma o solo urbano consolidado en municipios con planeamento adaptado á Lei 1/1997, por tratarse de solos xa categorizados por aplicación da devandita lei que para o seu desenvolvemento deben cumprir as esixencias da lei 9/2002.

3.- O **artigo 4** do anteproxecto de Lei remitido para ditame establece o alcance da suspensión.

O CES considera que coa aplicación do artigo 4 quedará afectado todo o planeamento secundario que, no momento da entrada en vigor da lei, non se encontre aprobado definitivamente, e entende que afectará á actividade económica e social do conxunto do litoral, non existindo unha norma transitoria que respecte o planeamento secundario que estea en tramitación na actualidade e que conta coas suficientes cautelas e prevencións.

Segundo o criterio do CES, este anteproxecto debería recoller a diversidade de características ambientais, económicas e sociais para o conxunto da

costa galega, as diferentes tipoloxías de ordenación urbana existentes e os distintos niveis de protección medioambiental.

O CES entende que unha corrección da falta de adaptación dos planeamentos á Lei 9/2002 non pode supor a suspensión de todo planeamento de ordenación do territorio, incluíndo plans parciais, de sectorización e especiais de reforma interior, cando todos eles, en virtude do réxime transitorio da mesma lei, están adaptados aos límites de sustentabilidade nela marcados, transcorridos os tres anos dende a súa entrada en vigor.

O CES considera que o proxecto de lei debería conciliar o interese xeral, que a inspira, coa evitación de eventuais prexuízos a dereitos lexítimos xerados de acordo á lexislación en vigor, para o que debería preverse legalmente a culminación dos procesos urbanísticos en marcha, que cumpran as esixencias que establece o réxime transitorio da lei 9/2002 e se atopen na fase avanzada da súa tramitación que se defina nesta lei.

O CES considera que, atendendo a criterios obxectivos, nesta norma debería recollerse o levantamento parcial da medida de suspensión prevista no artigo 3 nas comarcas ou áreas funcionais que teñan sido obxecto de estudo e nova ordenación no proceso de elaboración do Plan de Ordenación do Litoral. Isto impediría que a paralización da actividade de estas zonas se demorase máis do estritamente necesario.

4.- O artigo 8 do anteproxecto de Lei establece a integración de procedementos.

O CES entende que no **apartado 7** do citado **artigo 8** debería substituírse a expresión “(...) *ao órgano promotor, poderá entenderse aceptada a proposta (...)*” por “(...) *ao órgano promotor, entenderase aceptada a proposta (...)*”.

5.- O Capítulo III do presente anteproxecto regula o Instituto de Estudos do Territorio.

O CES valora positivamente a posta en marcha dun Instituto de Estudos do Territorio, pero non considera axeitada a súa creación no marco dun anteproxecto de lei de medidas urxentes.

Neste senso, o CES entende necesario reiterar que a técnica lexislativa do uso dunha lei de medidas urxentes para regular materias cuxo tratamento é máis propio dunha lei ordinaria pode xerar dispersión normativa, inseguridade xurídica e dificultalle á cidadanía o coñecemento completo e inmediato das normas que en cada ámbito lles afectan.

No que respecta aos órganos de goberno do Instituto de Estudos do Territorio, o CES entende que non se debería deixar para desenvolvemento regulamentario posterior a composición dos mesmos, e, polo tanto, considera que se debería fixar de modo exacto o número de vogais do Consello rector.

Finalmente, o CES entende que, dadas as funcións do Instituto de Estudos do Territorio, os axentes sociais deberían estar representados no seu Consello rector.

6.- Sobre a **disposición adicional primeira**, o CES entende que pode xerar confusión en canto á interpretación de cada plan no que a solo urbano se refire.

7.- O CES entende que na **disposición adicional segunda**, que propón a modificación parcial da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia deberían considerarse os seguintes aspectos:

- A proposta de redacción do **artigo 5 bis, apdo. 1**, podería xerar inseguridade xurídica ao non definirse coa suficiente precisión a “iniciación do procedemento de aprobación”.

O CES entende que se debería clarificar si se refire ao momento de inicio do procedemento de elaboración, tal como se recolle no artigo 10 da Lei de ordenación do territorio, ou si se fai referencia á fase na que, unha vez recollidas as alegacións e suxestións, se procede á aprobación inicial e publicación no DOG.

- A redacción dada no anteproxecto ao **artigo 5 bis, apartado 2**, fai referencia a un prazo máximo de dous anos, máis un ano de prórroga, para as sus-

pensións que teñan a súa orixe na tramitación dun instrumento de ordenación do territorio.

O CES entende que este prazo non debería ser superior ao legalmente previsto na elaboración dos instrumentos de ordenación do territorio para establecer suspensión no ámbito urbanístico, e, neste senso, o CES propón a diminución deste prazo ata un tope máximo de doce meses.

- A proposta de redacción do **artigo 22, apartados 1 e 2**, regula os plans e proxectos sectoriais e supramunicipais que teñan por obxecto regular a implantación territorial de solo destinado a vivenda protexida, infraestruturas, dotacións e instalacións de interese público ou utilidade social.

A xuízo do CES, as medidas en relación coa vivenda son dunha importancia capital polo que, aínda sendo incluídas no marco desta lei pola súa urxencia, o xeito máis adecuado para desenvolver políticas deste calado, sería a elaboración dunha normativa específica, na que se inclúan todos os aspectos relevantes sobre a materia.

- Finalmente, en relación á proposta de modificación do **apartado 7 do artigo 23**, o CES entende que precisa unha maior xustificación, posto que establece unha prohibición sobre o solo especialmente protexido e parece tamén indicar un procedemento que posibilita o desenvolvemento de proxectos sectoriais que impliquen a transformación urbanística para este tipo de solo, co que non queda suficientemente aclarada a remisión ao artigo 66 da Lei 9/2002, que se refire a solo urbanizable.

- O CES considera que no texto do novo **artigo 5 bis** que se expón na disposición adicional segunda do presente anteproxecto de lei, debería incluír a obriga de que a suspensión sexa motivada, termo que xa aparece de xeito explícito no título do artigo.

8.- A disposición derogatoria recolle, no seu primeiro apartado, os preceptos da Lei 9/2002, que quedan sen efecto.

O CES considera que a redacción do segundo apartado podería dar lugar a problemas de interpretación, ao non estar definidas con precisión outras normas de menor rango, que quedarán afectadas pola publicación desta lei.

9.- No relativo á **disposición derradeira**, o CES entende que a habilitación para ditar disposicións para o desenvolvemento da lei non pode traspasar os límites que marca a propia lei. Deste xeito, dada a provisionalidade que establece a súa consideración de Lei de medidas urxentes, o seu desenvolvemento regulamentario non debería derivar en normativa con vocación de permanencia, senón en simples instrumentos de aplicación desta.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2007

Vº e P.
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Eliseo Sastre Serrano